

OUTUBRO 2021
Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Outubro 2021

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
VIAXEIRO S	8.102.328	-17,1%	401.799	-3,1%
NOITES	23.878.482	-21,4%	754.060	-4,6%
ESTADÍA MEDIA	2,95	-5,1%	1,88	-1,6%
% OCUPACIÓN	52,72%	-5,62	40,70%	0,11
ADR	89,38 €	4,2%	61,7 €	5,0%
RevPAR	53,35 €	-6,1%	28,2 €	1,8%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de outubro Galicia atópase nunha situación de certa estabilidade en relación á pandemia, con mellora dos datos epidemiolóxicos, o que permite achegarse a unha situación próxima á normalidade “pre-pandemia”.

Neste contexto o INE estima que en outubro abriron en Galicia algo máis de 1.400 establecementos hoteleiros –dos pouco máis de 1.200 que o fixeron no mesmo período de 2020 e cun nivel parello ao de 2019- que ofertaron máis de 59 mil prazas –das máis de 62 mil de outubro de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 4,9% en relación ao último mes de outubro previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse o 95% das prazas que estaban dispoñibles en outubro de 2019 –obviamente superáronse os niveis do pasado ano cando se ofertaban preto de 51 mil prazas-. O nivel de recuperación da oferta é practicamente total, na liña do observado nos tres últimos meses.

OUTUBRO 2021

- A conxuntura hoteleira deste mes de outubro é positiva confirmando a recuperación da actividade turística en Galicia na liña do observado no período estival e no pasado mes de setembro.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia preto de 402 mil viaxeiros aloxados e 754 mil noites, cifras que case triplican o dato do pasado ano e que fican, sen embargo, levemente por debaixo dos niveis de 2019. O grao de recuperación da demanda sitúase neste mes de outubro no 95% -no relativo ao número de noites-, porcentaxe que mellora á observada en xullo ou en setembro e que fica próxima ao rexistrado en agosto -único mes no que se acadara xustamente o nivel de 2019-.
- En calquera caso a tendencia positiva mantense no sentido de que a recuperación coloca as cifras destes últimos meses en niveis moi próximos aos de 2019. En marzo Galicia rexistrara o 37% do volume previo á pandemia, porcentaxe que ascendeu ao 60% en xuño, e que se aproxima, iguala ou supera o 90% a partir de xullo e ata agora, en outubro.
- Con 754 mil noites Galicia sitúase por debaixo dos niveis pre-pandemia –dos catro anos anteriores ao 2020- máis supera toda a serie anterior ao 2016.

- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento semellante. Neste sentido todas elas conseguen superar con creces os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares- que multiplican por máis de catro as cifras de outubro de 2020. Son xustamente aqueles de maior volume de negocio e que ademais tiñan moita capacidade de recuperación por canto sufriron con maior intensidade os efectos negativos da crise.
- Con carácter xeral este incremento non é suficiente para superar os niveis de 2019. Así, case todas as comunidades fican por debaixo dos valores previos á pandemia, con porcentaxes de recuperación diferentes. Dúas marcan a excepción pois conseguen neste mes situarse por encima dos niveis de outubro de 2019. Son Asturias e Cantabria, que superan nun 7,8% e 1,6% respectivamente as cifras previas á pandemia.
- Nun segundo grupo sitúanse destinos cun nivel de recuperación importante pois rexistran volumes de demanda próximos aos de 2019. Son, por esta orde, Aragón, Estremadura, Castela e León e Galicia -todas elas fican por encima do 95% do nivel de hai dous anos-. Así pois, son as comunidades localizadas no norte peninsular xunto con Estremadura as que presentan mellor comportamento neste mes. No lado contrario son os destinos do mediterráneo -Andalucía, C. Valenciana, Baleares e Cataluña-, xunto con Madrid, as comunidades que se sitúan máis lonxe dos niveis previos á pandemia –Cataluña marca a maior distancia, con dous terzos da demanda de 2019-.
- Confírmase por quinto mes consecutivo que, con carácter xeral, os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020 pero con marxe de mellora en relación aos datos de 2019. En cambio, os destinos do norte peninsular son os que conseguen situarse en niveis moi próximos aos anteriores á crise, de 2019, en proporcións algo diferentes pero con volumes parellos aos dese ano, rexistrando unha capacidade de recuperación case plena.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 80% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando preto de 23,9 millóns de pernoctacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na oitava posición absorbendo o 3,2% do total estatal. Descende un punto respecto da súa posición habitual –no verán, sen embargo, conseguiu ascender ao sexto lugar-, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado. Son neste mes, por orde de importancia, Canarias –con preto de 5,1 millóns de noites-, Baleares –con máis de 3,9 millóns-, Andalucía –con algo máis de 3,8 millóns-, Cataluña –con case 3,1 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 2,0 millóns-, Madrid –con máis de 1,8 millóns neste caso- e, finalmente, Castela e León -que rexistra preto de 760 mil noites, cifra moi semellante á de Galicia-. As seis primeiras comunidades agrupan ao 83% do total da demanda hoteleira do conxunto do Estado, porcentaxe equivalente á observada en setembro.
- A recuperación da demanda sitúase esencialmente no mercado nacional, sobre todo no que procede do resto do Estado se ben o interno presenta tamén un comportamento notable. Isto vén condicionado en grande medida polas restricións de mobilidade aplicadas a nivel internacional e as inercias asociadas ás mesmas, en paralelo á liberdade de movemento dentro do Estado. A progresiva recuperación da demanda situouse nun primeiro momento, ata o mes de xuño, no mercado interno –dos residentes en Galicia-, liderando os incrementos en relación ao pasado ano. Logo no verán o forte impulso veu da man do segmento receptor nacional, aquel que procede do conxunto do Estado, circunstancias que se mantén ata agora, no mes de outubro. O interno colócase en niveis moi aceptables.

- O mercado interno, dos residentes en Galicia, mantén a tendencia positiva dos meses anteriores. Supera as cifras do pasado ano –nun 54%- e sitúase no 97% do nivel de outubro de 2019. A recuperación é case total se atendemos aos niveis previos á pandemia. Con preto de 183 mil noites o turismo interno colócase levemente por debaixo dos niveis do período 2016-19 pero por encima de toda a serie anterior.
- O mercado receptor nacional rexistra o mellor comportamento en termos relativos superando non só os niveis do pasado ano -en máis do triplo- senón tamén os de 2019 -nun 14%. Con preto de 421 mil noites este segmento marca máximos da serie histórica do mes de outubro, só por debaixo da cifra rexistrada en 2010 -ano Xacobeo, cando rexistrou 450 mil noites-. Dalgunha maneira a celebración do Xacobeo, aínda nun contexto de pandemia, é un factor determinante dos bos resultados colleitados polo turismo nacional, sobre todo o que procede de fóra de Galicia.
- O contrapunto negativo vén do lado do turismo internacional. A pesar de mellorar notablemente as cifras do pasado ano –en máis de catro veces- fica aínda por debaixo das cifras de 2019 –a capacidade de recuperación deste segmento sitúase no 65%, porcentaxe non suficiente pero superior á que se rexistraba en meses anteriores-. Con máis de 150 mil noites hoteleiras o mercado internacional sitúase por debaixo da serie posterior ao 2014 pero por encima dos niveis anteriores a ese ano. Outubro é o mes de mellor comportamento do turismo internacional en Galicia, se comparamos cos meses anteriores deste ano.
- O diferente comportamento observado nos segmentos provoca cambios na estrutura do mercado hoteleiro en Galicia neste décimo mes do ano, no sentido de que se reforza o peso do turismo nacional, sobre todo o que procede do resto do Estado –representa o 56% das noites agora en outubro, nove puntos por encima da porcentaxe de 2019-. O mercado interno mantense estable, cun peso levemente superior ao 24%, mentres que o turismo internacional perde non só volume senón tamén cuota de mercado en Galicia –absorbendo o 20% do total da demanda-. En 2019 superaba o 29% do total.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento parello da demanda no sentido de que sobe en todas as provincias en relación ao pasado ano –en máis do dobre- mais fica por debaixo dos niveis de 2019. A diferenza neste mes non é moi importante pois en todas as provincias os niveis de demanda hoteleira sitúanse entre o 95% e o 98% dos valores de 2019. Por tanto, o nivel de recuperación é importante e presenta certa homoxeneidade a nivel territorial.
- Co 44,2% das noites hoteleiras –e algo máis de 333 mil pernoctacións- A Coruña lidera de novo o mercado turístico hoteleiro en Galicia –acontecía o mesmo no primeiro semestre e tamén en setembro, mais no verán é Pontevedra a provincia de maior volume e peso na comunidade-. Seguen en orde de importancia neste mes Pontevedra –co 34,7% e preto de 262 mil noites-, Lugo –co 13,2%- e finalmente Ourense –co 7,9% do total da comunidade-.
- O nivel de recuperación da demanda difire entre as distintas categorías. No hoteis rexístrase neste mes o 93% do volume de noites de 2019, con diferenzas notables entre o segmento de maior categoría -hoteis de catro e cinco estrelas, que mesmo superan as cifras previas á pandemia, nun 1,3%- e as restantes tipoloxías -hoteis de tres ou menos estrelas, que fican por debaixo das cifras de 2019 con niveis de recuperación dispares, do 88% para os de tres estrelas, do 92% para os de dúas estrelas e do 75% para os de unha estrela-.
- No caso das pensións a dinámica é tamén dispar. En termos globais superan non só os niveis de demanda do pasado ano senón tamén os de 2019 -nun 5,7%- grazas ao bo comportamento observado


no segmento dunha estrela -que supera nun 25% o nivel previo á pandemia-. As pensións de tres e dúas estrelas fican, sen embargo, por debaixo dos valores de 2019 -cun nivel de recuperación do 93%-.

- A estadía media hoteleira descende este mes, nun 3,6% en relación ao pasado ano e nun 1,6% en comparación co valor de 2019, situándose en 1,9 noites de media -cifra parella á de outubro de 2017.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado. Canarias, con 6,2 noites, e Baleares, con 5,2 noites, son os destinos que neste mes marcan as cifras máis elevadas. No lado contrario tres destinos -A Ríoxa, Castela A Mancha e Castela e León- rexistran a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,7 noites en todos eles.
- O importante nivel de recuperación observado no lado da demanda leva a unha mellora notable do nivel de ocupación. Supera neste mes, en pouco máis de 23 puntos, a cifra do pasado ano e mantense ademais en porcentaxes semellantes ás de 2019 -a diferenza é neste caso dunha décima porcentual-. Co 40,7% de media Galicia marca neste ano unha porcentaxe parella á rexistrada no período 2017-19, e superior a toda a serie anterior.
- Canarias rexistra neste mes -igual que en setembro e en contraposición ao que se observaba no verán- a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado cun 67,6% de media. Seguen en orde de importancia, con porcentaxes do contorno do 55%, Baleares, Madrid e o País Vasco. No lado contrario Castela A Mancha marca a cifra máis baixa cun 36,8% de media. Neste contexto Galicia perde posicións respecto do que se observaba nos últimos meses e rexistra a segunda cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado -posición que mantiña antes do verán-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 61,7 euros, cifra que supera nun 24,1% o dato do pasado ano e nun 5,0% a cifra de 2019. Tal circunstancia xa se observaba nos últimos tres meses e rompe coa tendencia que se viña observando no último ano na que, en liña coa conxuntural global, as tarifas caían respecto dos valores previos á crise. O incremento rexistrado en outubro coloca o dato do mes en máximos da serie histórica -por cuarta vez de forma consecutiva-. O bo comportamento da demanda acontece, por tanto, nun contexto de subas das tarifas hoteleiras na comunidade.
- Con todo, o dato de Galicia colócase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes a cifra de tan só un destino, Castela A Mancha -no verán conseguira situarse en niveis medios en termos comparativos-. Canarias, con 110,1 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, por diante de Baleares e Madrid -ambos con 95 euros- e Andalucía e o País Vasco -que se sitúan no contorno dos 90 euros neste caso. Todas superan a media estatal que se sitúa en 89,4 euros.
- O bo comportamento da demanda e dos niveis de ocupación, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras, leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren notablemente os niveis de rendibilidade. Así, o RevPAR sitúase en 28,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da serie histórica do mes de outubro. Triplica o nivel de rendibilidade rexistrado en outubro do pasado ano, e supera nun 1,8% a cifra de 2019.
- Con esta cifra Galicia colócase igualmente nunha posición baixa no conxunto do Estado, superando tan só o valor observado en Castela A Mancha. Canarias -con 84,0 euros- é o destino de maior rendibilidade hoteleira neste mes de outubro, por diante de Madrid -que se sitúa nos 63,0 euros- e o País Vasco, Baleares e Andalucía -que se colocan no contorno dos 55 euros-. A media do conxunto do Estado sitúase en 53,4 euros.

- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 27,5 millóns de euros neste mes de outubro, a segunda cifra máis elevada da serie histórica –fica por detrás do valor de 2019, cando superaba os 28,1 millóns de euros-. Triplica a cifra do pasado ano, con máis de 18 millóns de diferenza.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Outubro 2011-21



2. Variación da demanda segundo a procedencia. Outubro 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Outubro 2021/19




Fig. 4. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Outubro 2021/19




Fig. 5. Evolución da estadía media. Outubro 2011-21




Fig. 6. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Outubro 2013-21




Fig. 7. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Outubro 2011-21




Fig. 8. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Outubro 2011-21

